


A partir do día 01/04/2026 todas as administracións públicas terán a **obriga de admitir o DNI en formato dixital** como medio válido de identificación por parte da cidadanía.

A aplicación móbil **MiDNI** é o único medio que permite ter o DNI dixital no teléfono, ofrecendo os mesmos usos que para o DNI físico e mantendo a mesma seguridade. Esta app é **oficial** e conta coa **garantía da policía nacional**, tendo respaldo legal para a realización de todos os trámites.

Validación dun DNI dixital dende o verificador de QR de MiDNI

1. Accedes ao **verificador de QR** desde a páxina midni.gob.es/VerificadorQR.
2. Aceptas os **permisos** para o uso da cámara do teu PC.



3. Pides á persoa cidadá que xere o **código QR** dende a aplicación MiDNI instalada no seu móbil. En función dos datos que precise compartir, pode empregar calquera destas tres opcións:
 - **DNI idade** → acredita a maioría de idade e inclúe a foto.
 - **DNI simple** → inclúe foto, nome completo, data de nacemento, sexo e data de validez do DNI.
 - **DNI completo** → inclúe todos os datos do DNI.

